

EXPOSICIÓN

“Emporium. Mil anos de comercio en Vigo”

29 de xuño de 2016 ao 28 de maio de 2017

CONCELLO
DE VIGO



Guía xeral de visita

.....



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Verbum Casa das Palabras



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

XESTIÓN E CORDINACIÓN

Servizo de Museos Municipais. Concellería de Cultura

SUPERVISIÓN GUÍA

Museo Municipal “Quiñones de León”

ELABORACIÓN

Data Gestión Cultural

Eduardo Méndez-Quintas

Tania Conde González

Andrea Serodio Domínguez

ILUSTRACIÓNS

Jacobo Fernández Serrano

Alicia Colmenero Fernández

Magoga Piñas Azpitarte

DESOÑOS

FOTOGRAFÍA

Museo Municipal “Quiñones de León”

Nando Iglesias

Javier Albertos

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Museo Provincial de Lugo

Museo Diogo de Sousa (Braga)

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Proofediting asesores lingüísticos

ÍNDICE

Duración da visita	1
Obxectivos e metodoloxía	1
Obxectivos operativos.....	1
Metodoloxía.....	2
Recursos materiais	2
Contidos	2
Época prerromana.....	3
Mundo romano	7
Mundo tardoantigo	14
Outras pezas destacadas	18
Glosario.....	22
Termos técnicos.....	22
Termos históricos	25
Termos xeográficos	27
Principais xacementos vigueses.....	28
Para saber máis	30



Ungüentarios orientais.
Os únicos na área atlántica.




AUDIOVISUAL
Do Século I ao VII d.C.

VIGO, PORTO DO MUNDO
Tardoantigüidade
S. V-VI-VII d. C.
Relacións con África,
co resto da península,
co atlántico norte e
con Oriente.



TARDOANTIGÜIDADE

ROMANIDADE



AS CRENZAS VIAXAN COS OBXECTOS E COAS PERSOAS
O cristianismo S. IV-VII d. C.
Obxectos decorados con motivos cristiáns.
Unha cruz visigoda en Vigo.
A basílica do Areal.



A cratera pintada da villa de Toralla.
Unha peza singular que,
por primeira vez, se
mostra reconstruída.

Plano de sala da exposición

NAS MANS DE ROMA

Imperio Romano S. I-III d.C.
Fórmase o Vicus Helleni.
Intenso comercio coa Bética (Andalucía) e relacións con todo o Imperio.




As ánforas. A Haltern 70, a maior concentración do Imperio.



AUDIOVISUAL

Do Século IV ao I a. C.



NO CONFÍN DOS VERDES CASTROS

Idade do Ferro.
Cultura Castrexa S. IV-I a. C.
Mercadores púnicos establecen emporios en castros da Ría.



Pedras habitadas pola divindade.
Os betilos púnicos de Toralla. Pezas únicas no noroeste.



Áncora lítica.
A navegación



PRERROMANO

ENTRADA

NO SOLPOR DO IMPERIO

Imperio Romano de Occidente S. IV d. C.
Intenso comercio con Braga e África.
Obradoiros de vidro no vicus.



O TEMPO DOS METAIS

Idade do Bronce.
1300-1100 a. C.
Relacións co mundo atlántico.



Duración da visita

As visitas serán sesións de 60 minutos de duración dende a acollida do grupo ata a súa despedida, polo que o desenvolvemento efectivo da visita guiada en sala limitarase a 45-50 minutos.

Obxectivos e metodoloxía

Obxectivos operativos

- Compartir, comunicar e divulgar os coñecementos do noso pasado a través da arqueoloxía, un pasado que, en gran parte, explica o presente da nosa cidade portuaria e industrial.
- Destacar o feito de que nas derradeiras décadas foron realizadas numerosas intervencións arqueolóxicas de urxencia en Vigo destapando o pasado da cidade e a súa bisbarra.
- Incidir no importante conxunto de materiais arqueolóxicos recuperados, segundo recentes investigacións, que sitúan a Vigo como un dos portos máis importantes de tráfico de mercadorías do mundo atlántico.
- Mostrar dunha maneira sinxela a evolución do porto Vigo dende época prerromana (s. IV-III a C.) ata a chegada dos árabes á Península Ibérica no s. VIII d. C.
- Sensibilizar á cidadanía no respecto pola conservación e o estudo dos materiais arqueolóxicos.



Vista do interior da exposición ©Data Gestión Cultural

Metodoloxía

O desenvolvemento metodolóxico da actividade parte dunha interacción constante entre o/a visitante e o/a guía, nunha relación dinámica e, en certo xeito, lúdica. Os/as visitantes poderán experimentar directamente contidos e sensacións reais no caso de que existan elementos de reforzo.

Recursos materiais

A distribución destes elementos será a seguinte:

- **Área de Prerromano**
 - ✓ Réplica de machado de tope de bronce
 - ✓ Réplica de *aryballos*
 - ✓ Réplicas de diferentes tipos de cerámicas castrexas
 - ✓ Mesa plegable de apoio
- **Mundo romano**
 - ✓ Réplica de moeda romana republicana
 - ✓ Réplicas de ánforas de viño e aceite
 - ✓ Réplicas de ánforas con diferentes produtos
 - ✓ Réplica de *terras sigillatas*
 - ✓ Imaxes da salina romana do Areal e das factorías de salga romanas de Vigo
 - ✓ Réplica de lucerna de tipo clásico
 - ✓ Mesa plegable de apoio
- **Tardoantigüidade**
 - ✓ Imaxes estelas localizadas por X. M^a Álvarez Blázquez
 - ✓ Réplica de lucerna paleocristiá
 - ✓ Mesa plegable de apoio

Contidos

A exposición “Emporium. Mil anos de comercio en Vigo” presenta as relacións comerciais en Vigo dende a etapa final da prehistoria recente ata a época que precede á chegada dos árabes á península ibérica. Mil anos de historia nos que Vigo ocupa un papel destacado nas comunicacións marítimas do que hoxe é Galicia co resto do mundo coñecido.

Con esta mostra, poderán observar como a orixe da cidade como un referente económico e comercial non é un fenómeno recente, se non que afunde as súas raíces na antigüidade. A exposición consta de preto de 300 obxectos arqueolóxicos, restaurados e documentados expresamente para a mostra, moitos dos cales expóñense por primeira vez ó público. Estas pezas proceden na súa gran maioría do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, con achegas puntuais doutros museos e institucións de Galicia e do norte de Portugal.

A exposición articúlase en base a tres grandes bloques temáticos e cronolóxicos: época prerromana, mundo romano e tardoantigüidade.

Época prerromana (expositor 1-6)

Aínda que a mostra xira esencialmente en torno ao desenvolvemento económico e comercial do Vigo romano iniciado fai uns 2000 anos, a relación entre as poboacións locais con outros pobos de orixe mediterránea pódese rastrexar desde hai algo máis de 3000 anos. É dicir, máis de 1000 anos antes da chegada dos romanos.

Durante a fase final da chamada Idade do Bronce e, sobre todo, durante o desenvolvemento da “Cultura Castrexa” existen probas tanxibles destes contactos. A presenza de embarcacións de tipoloxía mediterránea nos petróglifos son boa proba diso (**nº3**). Na exposición contase tamén cunha peza que, aínda que poida parecer pequena e insignificante, ten un altísimo valor histórico: trátase dunha doa de colar ou pulseira de pasta feita de pasta de vidro de tipoloxía micénica (cultura exea, precursora da civilización grega antiga) (**nº5**).



Conta de pasta vítrea de orixe micénica ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

Deixando ao lado estes primeiros contactos, a súa xeneralización terá lugar desde os albores da cultura castrexa, hai algo máis de 2700 anos. Estas actividades comerciais terán como actores dun lado ós propios habitantes dos castros, e por outro ós **púnicos**. Quizais o nome de “púnicos” non soe inicialmente de nada, pero se facemos referencia a Aníbal e os elefantes, seguro que é máis coñecido. Aníbal foi un lendario xeneral púnico, pobo co que Roma mantivo tres importantes guerras (Guerras Púnicas) polo control do Mediterráneo occidental. Así pois, os membros das colonias destes comerciantes fenicios (os púnicos) asentados no sur da península ibérica, tras unha longa viaxe por vía marítima, chegaron ata a costa das Rías Baixas, moi posiblemente desde a contorna de Gadir (a actual Cádiz).

Ata o momento falouse de comercio, pero aínda non se dixo con que se comerciaba na época. Á marxe de materiais perecedoiros (alimentos, madeiras, etc...) ou escravos, a principal achega ás “transaccións comerciais” dos galaicos era o **metal** (ouro, prata, estaño e bronce). Pola súa banda, os comerciantes púnicos comerciaban con alimentos contidos en ánforas como viño, aceite e conservas de peixe; adornos de pasta vítrea (colares e pulseiras) e perfumes contidos en recipientes de vidro (ungüentarios ou *aryballos*) (**nº5**).



Reconstrución virtual do castro de illa de Toralla ©Museo Municipal Quiñones de León (Alicia Colmenero/Magoga Piñas)

O **metal** intercambiado polos galaicos podía ser achegado en “bruto” ou en forma de pezas xa acabadas. Un exemplo totalmente característico de peza finalizada é a chamada **machada de tope (nº1)**, con ou sen argolas. As Rías Baixas concentran a maior cantidade de machadas deste tipo coñecidas na actualidade, as cales adoitan aparecer en depósitos ou acubillos con decenas de exemplares. Se vos fixades ben, obsérvase como estas pezas, procedentes dun xacemento próximo ó museo, aínda conservan as rebabas do molde e o cono de fundición. Isto indícanos que foron fundidas, pero que se ocultaron sen terminar.



Fragmento de aryballos púnico de pasta vítrea ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)



Conxunto de machadas de tope e argolas ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

A esta rechamante circunstancia hai que engadirille outra igual ou máis curiosa aínda. Este tipo de ferramentas están elaboradas en bronce, aliaxe de cobre e estaño, pero cara ó final da Idade do Bronce, e durante a primeira parte do mundo galaico, engádeselle un terceiro metal: o chumbo. Consecuencia disto, a presenza de chumbo fainas inútiles (moi maleables) como ferramentas.



Betilo de orixe púnico do castro da illa de Toralla ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

A explicación descoñécese, pero hai quen quere ver certa “picaresca”, dado que nos intercambios empregábanse pezas adulteradas e de peor calidade. Se aplicamos unha lóxica económica actual ao intercambio posto en marcha polos púnicos, non parece equitativo. Na práctica si sería xusto. Sería algo semellante, permitíndonos a analoxía, ó proceso da primeira colonización europea de América onde a cambio de cousas sen valor os europeos obtiñan metais preciosos.

Ao marxe dos seus produtos comerciais, a presenza púnica en Vigo están perfectamente testemuñada grazas á presenza destas pezas. Trátase de dúas simples pedras alongadas de granito, pero a pesar da súa aparente simplicidade, atópanse diante dun **altar de orixe púnico (nº4)**.



Cerámicas castrexas procedentes de castros de Vigo ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

Trátase de cipos ou betilos, representacións abstractas de deidades púnicas ás que se realizan ofrendas en procura de protección e favor comercial. Estas pezas, ademais doutro altar semellante que pode contemplarse no veciño Museo do Mar de Galicia, son os únicos exemplos recoñecidos na actualidade en todo o occidente peninsular. Proceden do interior do castro da Illa de Toralla e a súa presenza indica unha relación habitual entre un grupo de comerciantes púnicos e os habitantes deste castro costeiro. Con todo, non todo era comercio; os habitantes dos castros tamén tiñan unha florecente actividade produtiva, onde destaca moito a cerámica. A **cerámica**, así como outros recipientes elaborados en materiais perecedoiros coma a madeira ou a pel, eran fundamentais á hora do almacenado, cociñado e consumo de alimentos. Neste sentido, hai que facer mención especial á altísima calidade técnica e á profusión decorativa das cerámicas castrexas das Rías Baixas (nº6).

O que hoxe entendese administrativamente por Vigo mostra unha elevada presenza de castros (máis de 27), moitos dos cales foron investigados ao longo de boa parte do s. XX. Froito disto, nesta vitrina obsérvanse algúns exemplos de recipientes castrexos que responden a tipoloxías cerámicas bautizadas con nomes de castros vigueses: Cíes, Toralla e Vigo.

Á marxe destas formas cerámicas, cabe sinalar unha peza pola súa singularidade: a fonte de asas interiores. Suponse que todos teñen potas e outros recipientes de cociña e, así mesmo, advertirán que esta peza ten unha especificidade evidente: presenta as asas no interior. Pero, a que se debe esta circunstancia? Pois atende a razóns prácticas: trátase dun recipiente para o cociñado de alimentos ao lume, onde a fonte colgaríase mediante cordas, que no caso de estar polo exterior do recipiente acabaríanse queimando.

Ata este momento todo o que puideron observar son elementos de orixe prerromano. De agora en diante pasarase a coñecer a influencia económica e comercial da integración da futura *Gallaecia* no Imperio romano.

Mundo romano (expositor 7-21)

A pesar de que tradicionalmente fálase da “conquista” romana do que será a *Gallaecia*, a realidade é que a intervención militar neste proceso foi reducida. Tratouse máis dun proceso de aculturación e integración pacífica totalmente diferente ao desenvolto en rexións veciñas como na área lusitana ou cántabra, onde si tiveron lugar.

Estes primeiros contactos entre as poboacións dos castros e os romanos foron ao longo do s. I a. C, é dicir, hai algo máis de 2000 anos, coa súa efectiva inclusión no Imperio romano ao final das Guerras Cántabras, cara ao 19 a. C. Neste contexto, e no plano comercial, os primeiros produtos de orixe romana foron esencialmente ánforas con alimentos (maioritariamente viño) de orixe italiana e vaixelas finas de mesa (terras sigillatas itálicas e cerámicas campanienses) (**nº7**).



Ánfora T7 de orixe púnica ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

A pesar desta circunstancia, o comercio púnico aínda estaría presente. Boa proba diso é a presenza de ánforas T7. Máis adiante fálase en profundidade sobre ánforas e terras sigillatas, pero agora destacaremos outra gran innovación introducida polos romanos: a **moeda** (**nº7**).



Reverso de moeda celtíbera da cidade de Bilbilis ©Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

A pesar de que os comerciantes púnicos xa coñecían o seu uso, de momento non se documentaron en xacementos galegos moedas con esta procedencia. As primeiras chegan cos romanos, a

pesar de que non son exactamente romanas. Na vitrina poden observar unha moeda de orixe celtibera con ceca na cidade de Bilbilis (Calataiud, Aragón) localizada nun castro de Ourense. Como curiosidade, nela recoñécese unha inscrición en celtibero, lingua que algúns interpretan como o antecedente do Euskera.

Ás súas costas ten lugar unha proxección onde poden observar algunhas das principais rutas comerciais durante época prerromana e unha reconstrución virtual de como serían os castros de Vigo e Toralla. A medida que vaian pasando fíxense no interior desas xanelas. Adiviñan de que se trata? Un pecio, un barco afundido e cheo de ánforas! Pois este barco afundido ten moito que ver co que se atopa nesta parte da exposición: **ánforas (nº8-12)**.



Ánforas procedentes do pecio de Cabo de Mar (Vigo) ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

As ánforas son un tipo de recipiente moi especial que, por analoxía, poderíamolas comparar con un “tetrabrik” ou cunha lata de conservas. É dicir, son envases de usar e tirar para o transporte de alimentos. No seu interior podíase levar de todo menos auga: aceite, viño, conservas en sal de carne ou peixe, salsas, etc...

A esta función tan diversificada hai que sumar a súa forma. Un tanto estraña, non? Se prestan atención ás ánforas que están expostas nesta zona da exposición, daranse conta que están terminadas nunha especie de pivote, o cal impide que a peza se manteña estable por si mesma. A que se debe isto? Unha pista, a súa forma está en estreita relación co “barco” afundido que teñen ás súas costas. Exactamente, a función do pivote era a de cravarse no lastre do fondo dos barcos romanos, onde as ánforas eran apiladas en vertical pegadas unhas a outras.

Curiosamente, nos castros galegos documéntase con insistencia un tipo moi específico de ánfora, a **Haltern 70 (nº12)**. Trátase dunha ánfora que podería conter viño, derivados deste ou olivas, producidos na Bética (no Val do Guadalquivir). Como xa se dixo, as ánforas son recipientes de usar e tirar, fórmándose grandes acumulación destas, os chamados testares, que basicamente é un vertedoiro onde se acumulan centos de ánforas rotas, bocas, pivotes, asas e tapas. Estes fragmentos aparecen por centos nos xacementos, achegando tamén moita información arqueolóxica. En función da súa morfoloxía, cada ánfora indícanos un período cronolóxico determinado, a súa procedencia e contido. Aínda que a maior parte das ánforas

acababan así, ou recicladas como material de construción, en ocasións tiñan unha “segunda vida”, xa logo veremos cal.

Indicouselles ó principio que, á marxe de ánforas con novos tipos de produtos, algo que se fixo habitual desde a “conquista romana” foi a adopción dos seus gustos e costumes (incluída a propia lingua, o latín).



Cunca da “terra sigillata” ©Museo Provincial de Lugo

Un exemplo arqueolóxico deste cambio nos costumes é a utilización das **“terras sigillatas” (nº13)** como vaixelas de prestixio de consumo de alimentos, é dicir, a cerámica de Sargadelos da época. Todos coñecen o proceso de fabricación dun recipiente de cerámica, non? Pois este tipo de pezas son o primeiro exemplo de produción en serie, porque non se realizaban a torno senón en moldes.



Cerámica marmorata ©Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Reciben o seu nome polos selos (*sigillum*) que mostran nas súas paredes. A diferenza das que se observaron na primeira vitrina de materiais romanos, estas xa son ou ben producións de obradoiros hispánicos ou gálicos.



Reverso de moeda de "caetra" ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

Este tipo de recipientes caracterízanse polas súas tonalidades vermellas, aínda que aquí hai un recipiente moi especial e un tanto diferente ao resto. O primeiro que destaca é a súa coloración, a que lles lembra? Exactamente, ao mármore. Este tipo de cerámicas denomínanse marmoratas por esa razón, e non é máis que un tipo de "terra sigillata" con ese acabado tan específico.

Esta peza foi realizada nun taller da Galia e procede do castro de Castromao (Ourense). Perciben algo estraño nela? Presenta unha serie de inclusións metálicas, os restos de remaches que foron utilizados na súa reparación. A falta de adhesivo, e sendo este tipo de pezas de tan alto valor, procedeuse a súa "restauración" con grampas metálicas.



Reconstrución virtual do Vigo do s. III d. C. ©Museo Municipal Quiñones de León (Alicia Colmenero/Magoga Piñas)

Outra proba da implantación da estrutura política romana no territorio da *Gallaecia* é o acuñado de moeda. As primeiras moedas feitas aquí son as de "caetra", onde se representan os escudos dos guerreiros galaicos. Estas moedas comézanse a acuñar unha vez finalizadas as Guerras Cántabras, e a súa principal ceca era Lucus Augusti (Lugo) (nº13).

Esta imaxe, que ocupa a parede da estancia, é a reconstrución de Vigo durante os primeiros séculos da nosa era, é dicir, hai menos de 2000 anos. Se prestan atención, o castro segue habitado, pero agora predominan as construcións á moda romana, con planta en ángulos rectos e tellado de "*tegulae*", é dicir, tellas.

Na zona baixa da cidade existen dúas realidades moi diferenciadas. Cara ao Norte, hai unha **salina** na que se obtiña sal mediante a evaporación de auga mariña. Esta estendíase aproximadamente desde a actual Alameda ata a estación de tren de Guixar. Hai que ter en conta que o sal era un ben moi prezado na antigüidade. De feito, denominábase o "ouro branco". Sirva de exemplo palabras como "soldo" ou "salario" que proveñen do pago dun traballo con sal.



Ánfora San Martiño de Bueu ©Museo "Diogo de Sousa" de Braga



Lucernas e cerámica fina de mesa de imitación ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

O sal que se obtiña na salina servía para abastecer á primeira industria de Vigo: factorías de salgaduras de peixe, as cales se observan cara ao Sur. A día de hoxe coñécense dúas destas instalacións e a mellor documentada é a que se atopa na rúa Marqués de Valladares. O que se observa nesta imaxe son os tanques onde se procedía ó salgado do peixe, esencialmente sardiñas e xurelos. Unha vez salgado, este produto era envasado en ánforas para o seu transporte.

As ánforas empregadas trátanse de tipos exclusivos da Rías Baixas: as ánforas tipo “San Martiño de Bueu”. O seu nome provén da súa identificación no xacemento epónimo do centro urbano de Bueu. Diferenciamos dous tipoloxías: a máis pequena parece que contería salsas, mentres que a máis grande sería a que sería utilizada no transporte do peixe, como se pode observar na reprodución sita na sala (nº14).



Crátera da villae romana de Toralla ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)



Fragmento de cunca coa inscrición “Semper vivas” ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

A partir do s. III d. C. o Imperio romano caracterizouse por unha forte desestabilización política, onde os emperadores eran constantemente depostos polas boas ou polas malas. As continuas

incurcións dos pobos xermánicos na fronteira setentrional do Imperio favorecían un clima de inseguridade e crise económica. A chegada ó trono do emperador Constantino a comezos do s. IV d. C. permitiu unha estabilización do Imperio, pero sería un espellismo, xa que a finais do século o emperador Teodosio dividiría o Imperio en dous: o Imperio romano de occidente e oriente, con capitais respectivas en Roma e Constantinopla.

Esta división política e administrativa tamén tivo a súa repercusión comercial xa que, a partir desta época, a maior parte dos produtos que chegaban a Vigo facíanlo desde as provincias romanas do Norte de África (**nº18**). Ánforas con alimentos, lucernas e vaixelas finas de mesa de orixe africana enchían os mercados da *Gallaecia* romana. Á beira destes produtos de importación tamén existen outros produtos “low cost” procedentes de obradoiros locais doutras provincias da *Gallaecia*, como *Lucus* ou *Bracara* (**nº19**).

Neste momento estamos ante unha das pezas máis espectaculares da exposición, recuperada en fragmentos durante as diferentes escavacións na vila romana de Toralla: unha **crátera** (**nº20**). Por primeira vez expónse unha reconstrución desta peza única, caracterizada polas súas asas en volutas e decoración pintada.

Os motivos representados son animalísticos (paspallás), fantásticos e vexetais, entre os que aparece un cortexo dionisiaco. Sen paralelos estritos ben coñecidos, é probable que esta peza fose realizada nos obradoiros de Braga a finais do Imperio romano como peza de luxo, unha especie de “vaso chinés” de época.

Outro exemplo de produto de “luxo” é o **vidro** (**nº21**), que podía aparecer en diferentes formas, ben como recipientes (botes, botellas, pequenos pratos e cuncas), ben como adornos. A maior parte do vidro era importado desde outros obradoiros peninsulares, pero a partir da fase final do Imperio romano, constátase a súa fabricación en varios obradoiros locais. Entre as pezas aquí expostas destaca un fragmento de cunca en forma de campá con decoración por abrasión onde observamos motivos en forma de pequenos círculos, espiña de peixe e unha inscrición que representa a expresión “SEMPER VIVAS” (Que vivas sempre).



Ánfora empregada como enterramento infantil ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

Mundo tardoantigo (expositor 22-30)

A partir do s. V d. C., c6o Imperio romano de Occidente practicamente desarticulado politicamente, sendo deposto o 6ltimo emperador no ano 472, o porto de Vigo conv6rtese no 6nico punto da fachada atl6ntica da Pen6nsula Ib6rica que mant6n un flu6ido e importante comercio c6o Mediterr6neo e, m6is concretamente, c6o Imperio bizantino.



Colares de 6mbar procedentes do norte de Europa 6Museo Municipal Qui6ones de Le6n (Nando Iglesias)

Ata aqu6 chegan 6nforas cargadas con alimentos, adornos, ung6entarios, vaixelas finas e com6ns desde diferentes puntos do Mediterr6neo oriental, especialmente de onde hoxe atopamos Turqu6a, Siria e Palestina (**n625-27**).



Alg6ns dos ung6entarios bizantinos descubertos en Vigo 6Museo Municipal Qui6ones de Le6n (Nando Iglesias)

Fai un intre, cando falamos das 6nforas, comentamos que, en ocasi6ns, ti6nan unha "segunda vida". Pois nestas vitrinas hai varios exemplos dese uso. Se prestan atenci6n, estas 6nforas foron

coidadosamente fracturadas á metade ou, neste caso, por baixo das asas. A súa función non é outra que a de conter no seu interior os corpos sen vida de individuos de curta idade, é dicir, son tumbas.

Nesta etapa final do mundo romano xa estaban plenamente instalados os ritos cristiáns de inhumación, ó contrario das épocas precedentes, onde se procedía á incineración. O uso das ánforas para esta función radica na facilidade de acceso a este tipo de recipientes baleiros e, sobre todo, ás altas taxas de mortalidade infantil da época. A pesar de que unha boa parte do comercio do Vigo tardorromano facíase con rexións do Mediterráneo oriental, tamén existía outro importante foco de atracción mercantil no norte de Europa. Por exemplo, da costa do mar Báltico proceden estes colares realizados en ámbar (resina fósil), os cales formaban parte dos enxovais funerarios desta época. Da zona aquitana de Francia (rexión de Burdeos) proceden cerámicas comúns e de mesa.



Reconstrución virtual do Vigo no s. VI d. C ©Museo Municipal Quiñones de León (Alicia Colmenero/Magoga Piñas)

De entre todos os produtos de orixe oriental hai que destacar, en parte pola súa singularidade histórica e pola súa importancia mediática, os **ungüentarios (nº25)**. Hai uns anos creouse unha gran polémica nos medios de comunicación a raíz do descubrimento durante a construción do túnel do Areal de Vigo dun pequeno recipiente cerámico, un ungüentario de orixe bizantino.

Agora sabemos que o excepcional descubrimento non é unha peza única, senón que en diferentes xacementos de Vigo recuperáronse restos de máis de 10 destes recipientes. Aínda que se descoñece con certeza o seu contido, suponse que se tratarían de ungüentos ou perfumes utilizados en actos litúrxicos. Entre outros aspectos, destacan pola presenza de selos estampillados, os cales poderían facer referencia ós nomes de altos funcionarios que verificarían o grao de pureza do contido.

De novo pódese observar outra panorámica de Vigo de hai 1400 anos. Se facemos memoria con respecto ó que ocorría en pleno Imperio romano, destacan varias cousas: o castro de Vigo está totalmente abandonado e despoboado, e o que eran as salinas agora está ocupado por un cemiterio. Unha vez abandonadas as salinas, a zona foi transformada nun xigantesco camposanto onde podemos identificar con claridade os ronseis dos enterramentos e unha construción singular: unha **basílica**, a que podería ser a primeira construción cristiá de Vigo.

Ao longo do s. IV d. C. asístese á difusión do cristianismo, agora como relixión oficial do Imperio, establecida polo emperador Constantino, (salvo a breve paréntese do Xuliano “O Apóstata”). Nas áreas escavadas de Vigo aínda non hai unha clara constancia de edificios de culto nestas

cronoloxías, pero o que si observamos claramente é a mencionada inclusión do novo ritual funerario da inhumación. Así mesmo, os produtos de luxo de gusto clásico van sendo substituídos por outra estética máis acorde coa relixión cristiá.



Brazo de cruz de ouro procedente da igrexa prerrománica do Areal de Vigo ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

Aquí pódese ver unha imaxe do que restaba da basílica do Areal de Vigo no momento da súa escavación. Tratábase dunha igrexa dunha soa nave, ábsida cadrada e pórtico de estética artística prerrománica (nº29).



Terra sigillata coa representación do sacrificio de Isacc ©Museo Municipal Quiñones de León (Nando Iglesias)

Pero esta primeira igrexa achegou máis sorpresas, entre elas un fragmento dunha pequena **cruz** feita en ouro con pedras engastadas. Este tipo de manifestacións artísticas son características da etapa xermánica (sueva ou visigoda). É un achado excepcional pola súa rareza no noroeste peninsular. A súa tipoloxía está emparentada có exemplar do tesouro de Torredonjimeno (Xaén) ou Guarrazar (Toledo). A súa función, en relación coas coroas votivas, sería a de servir como ofrendas de nobres a igrexas importantes (nº29).

Nestas vitrinas atopamos outros exemplos de elementos con simboloxías cristiás, con representacións de crismóns e cruces. Entre elas tamén cabe destacar pola súa excepcionalidade este cunco de terra sigillata africana.

Nel recóllese a representación de temática bíblica do **sacrificio de Isaac**, que aparece representada en varios planos (**nº29**). No superior, aparece Isaac cun saco no que leva leña para o sacrificio, seguido de Abraham que camiña detrás. Baixo esta escena aparece Abraham, xa ancián, tratando de sacrificar ó seu fillo. A intersección de Deus, representada alegoricamente por unha man coa palma aberta na parte superior da escena, sinala cara a un carneiro para sacrificalo.

A partir do s. VIII d. C., a actividade comercial marítima de Vigo cesa de forma abrupta. A esta circunstancia hai que buscar explicación na caída de Antioquía baixo poder musulmán e, sobre todo, á conquista da península ibérica polos árabes tras a batalla de Guadalete (711), que trae consigo o peche total do estreito e o final dos contactos co Mediterráneo.

Vigo centrará o seu interese cara ó mundo do Atlántico Norte, algo que como vimos xa viña facendo desde hai un século, co seu centro no reino carolinxio. Deste xeito o porto de Vigo situouse nun lugar periférico, o que marcou un período de crise, acentuada pola inseguridade debido á piratería e as incursións viquingas e normandas. A pesar disto, e xa desde finais da Idade Media e durante toda a Idade Moderna, tanto Vigo como o resto das Rías Baixas, e especialmente o veciño porto de Baiona, vai ser un novo centro de activos movementos comerciais. Ata aquí chegarán produtos desde o centro de Portugal, o levante peninsular, a península italiana, o norte de Europa e o sudeste asiático (**nº30**).

Entre as pezas que se poden observar aquí, resaltamos unha, na que poden observar a cara dun personaxe barbado. Este fragmento formaba parte dos coñecidos "**Belarminos**", recipientes de gres (tipo especial de cerámica) que contiñan licores elaborados nos Países Baixos e Alemaña (**nº30**).

O nome de "Belarmino" fai referencia ó arcebispo e inquisidor castelán Roberto Belarmino, fervente defensor da contrarreforma protestante, da prohibición do consumo de licores e que ten no seu haber procesos inquisitoriais con Galileo. En base a isto, e como "mofa" da súa persoa, os produtores protestantes do norte de Europa incluíron en todos os seus recipientes de alcois a cara do arcebispo. Esta idea foi tomada e usada séculos despois, pero neste caso contra o científico Charles Darwin, coa famosa figura das botellas de anís "O Mono".

Pezas destacadas

Depósito de machados de tope de Saiáns (Vigo). S. IX-VIII a. C. (Expositor 1)

Acubillo, de funcionalidade descoñecida, de 27 machados de bronce, os cales non amosan sinais de uso, tanto en cuanto, manteñen os elementos característicos do seu proceso de fundición (rebabas e cono de fundición).

Cipos do Castro da Illa de Toralla. S. V. a. C. (Expositor 4)

Constitúen un dos restos arqueolóxicos máis importantes para documentar a presenza das comunidades púnicas no Noroeste peninsular e soamente documentáronse, de momento, na Ría de Vigo. Formarían parte dun lugar de culto onde os comerciantes do sur da Península Ibérica realizarían as súas ofrendas implorando o éxito comercial da viaxe.

Doa de pasta vítrea de tipo micénico do xacemento de Monte das Cabanas (Vigo). S. XI-X a. C. (Expositor 5)

Doa de pasta vítrea localizada nun xacemento con silos de almacenaxe con paralelos no mundo micénico tardío. A súa presenza indicaría que os contactos do Noroeste peninsular co Mediterráneo son moito máis antigos do esperado.

Fragmento de aryballos do Castro de Chandebrito (Nigrán). S. III-II a. C. (Expositor 5)

Pequeno fragmento de aryballos de vidro (pequeno ungüentario para conter óleos ou perfumes), que é un dos poucos identificados en toda Galicia e cuxa presenza vencellase co comercio púnico.

Ánfora tardopúnica do túnel do Areal (Vigo). s. I a. C. (Expositor 7)

Ánfora de procedencia púnica, máis concretamente da zona do estreito de Xibraltar. Este tipo de recipiente relacionase co comercio e transporte de salgas. Teñen unha ampla representación espacial por todo o occidente peninsular, se ben a súa presenza máis setentrional sitúase na baía de A Coruña.

Ánfora tardorepublicana romana (Dressel 1). S. II. a. C. (Expositor 7)

Este tipo de ánforas son das primeiras de procedencia romana que se introducen na Galicia, da man das primeiras expedicións militares ao noroeste peninsular. O seu contido era viño producido inicialmente na rexión italiana da Campania (centro de Italia) e posteriormente da costa tirrena.

Pecio de Cabo de Mar (Vigo). S. I. d. C. (Expositor 8)

Na zona Norte da Praia de Samil, entre Cabo de Mar e Punta do Muiño de Vento atópanse unhas zonas de baixos, que foron testemuñas de múltiples naufraxios ao longo da historia. Froito dos traballos de marisqueo, en 1974 localízanse os primeiros restos de ánforas, os cales se irían sucedendo ao longo dos anos. Estamos pois, ante un naufraxio romano do s. I d. C., dun barco cargado con ánforas de viño, moi posiblemente de procedencia bética e que naufragou á súa entrada ao fondeadoiro do Vigo romano.

Conxunto de Haltern 70. s. I. a. C. - s. I. d. C. (Expositor 12)

As Rías Baixas son un dos maiores puntos de concentración do imperio de ánforas desta tipoloxía. Esta ánfora serve para transportar viño, pero tamén outros produtos como olivas ou salgas. A Haltern 70 é un envase multiusos que ten nos xacementos vigueses a súa maior cantidade de exemplares.

Ánfora de San Martiño de Bueu 1 y 2. S. III-IV d. C. (Expositor 14)

Estes tipos de ánforas son un magnífico exemplo de produción local desta tipoloxía de colectores. Aínda que pasaron desapercibidas á investigación durante anos, as recentes escavacións no centro urbano de Bueu, puxeron ao descuberto unha factoría de salgadura e un obradoiro de fabricación destas ánforas. Aínda que se descoñece con certeza o seu contido exacto é moi probable que se empregan respectivamente no transporte de salsas e conservas de peixe.

Solidus de ouro do emperador Constantino III, acuñado en Lugdunum (Lyon, A Galia) entre os anos 407 e 408 d. C. (Expositor 16)

Esta moeda acúñase por primeira vez no ano 311 en época de Constantino I e foi moi utilizada polos emperadores usurpadores (emperadores postos e depostos polo exército) como forma para lexitimar a súa posición. A súa emisión continuará ata entrada a Idade Media como moeda para realizar grandes transaccións comerciais.

Tumba infantil en ánfora norteafricana do xacemento de Rosalía de Castro (Vigo). s. V d. C. (Expositor 18)

Trátase dunha ánfora de tipo indeterminado, pero orixe norteafricana que foi adaptada coidadosamente para a inhumación dun cadaver de neno. A utilización de ánforas como receptáculo de enterramento é moi común nas etapas finais do mundo romano, dado a elevada mortalidade infantil e o fácil acceso a este tipo de recipientes baleiros e de tamaño axeitado.

Terra Sigillata Hispánica tardía do xacemento de Marqués de Valladares (Vigo). s. IV-V d. C. (Expositor 19)

A presenza deste tipo de vaixelas finas é pouco común no Vigo desta época, xa que o mercado local estaba plagado de producións de calidade semellante de orixe norteafricana. Esta peza destaca pola decoración de círculos concéntricos recheos de medias lúas. A súa fabricación sitúase en obradoiros cerámicos do val do Douro.

Crátera da villa romana de Toralla (Vigo). s. IV. d. C. (Expositor 20)

Esta é unha das pezas máis espectaculares da exposición, recuperada en fragmentos durante as diferentes escavacións na vila romana de Toralla. Por primeira vez expónse unha reconstrución desta peza única, caracterizada polas súas asas en volutas e decoración pintada. Os motivos representados son animalísticos (paspallás), fantásticos e vexetais, no que aparece unha representación dun cortexo dionisiaco. Sen paralelos estritos ben coñecidos, é probable que esta peza fose realizada nos talleres de Braga a finais do Imperio romano, como unha peza de luxo.

Conxunto de xoias de vidro negro. s. IV-V. d. C. (Expositor 21)

Un conxunto de xoias realizadas en vidro de cor negra, unha das especialidades dos obradoiros de Braga. Vigo posúe neste momento practicamente todo o catálogo destes adornos que imitaban ao acibeche: desde brazaletes, aneis, doas de diferentes formas entre as que destacan

as que conformaban pulseiras articuladas, ata un colgante en forma de xerra que constitúe unha peza excepcional no repertorio.

Cunco acampanado con inscrición. s. V-VI d. C. (Expositor 21)

Exemplar de cunco en forma de campá, moi popular no mundo tardoantigo do noroeste peninsular. O que non é tan habitual é a súa decoración que ocupaba a totalidade do recipiente realizada pola técnica da abrasión. Os motivos dispóñense en bandas horizontais: pequenos círculos na base, unha espiña de peixe no centro e letras na superior. Estas letras representan as palabras "SEMPER VIVAS" (Que vivas sempre).

Vaixela fina africana de diferentes xacementos de Vigo. S. IV-V d. C. (Expositor 22)

Dende o s. III d. C. e sobre todo a partir da división do Imperio, a produción de gran e outros produtos alimenticios básicos fíxose fundamental para a manutención da poboación. Neste contexto os barcos cargados con alimentos (cereais, viño, aceite, salgas) tamén transportaban gran número de vaixelas de calidade da mesma procedencia. De feito, en zonas como Vigo configúranse como as máis abundantes, moi por diante de producións locais e doutros focos peninsulares.

Ánfora africana. s. VI d. C. (Expositor 22)

Exemplar de ánfora africana da tipoloxía Keay 62 que forma parte das producións tardías de grandes dimensións. Pola súa morfoloxía e tipo de pasta, podería provir dos obradoiros de Nabeul (Tunicia). Foi recuperada durante unha escavación arqueolóxica funcionando como sepultura infantil nunha necrópole.

Xerriña balear. ss. VI-VII d. C. (Expositor 23)

Fragmento decorado dun pequeno colector de transporte de produción balear, posiblemente de Eivissa. Descoñécese o seu contido, pero dada a súa difusión, pénsase que podería ser un líquido prezado, tal vez viño de calidade. É un modelo amplamente distribuído pola zona costeira mediterránea da península ibérica e Norte de África.

Cerámica común de importación Aquitana. ss. VI-VII d. C. (Expositor 24)

A comunmente denominada "Eware" é unha tipoloxía elaborada na rexión de Burdeus, na actual costa atlántica francesa. Trátase dunha cerámica moi dura de aspecto gris claro ou beige e superficie externa moi rugosa. Estas cerámicas están amplamente representadas no xacemento de Rosalía de Castro sendo as súas formas máis representativas as potas e cuncas con pico vertedor.

Colares de ámbar. ss. V-VII d. C. (Expositor 24)

Os colares de ámbar báltico aquí expostos forman parte de dous enxovais funerarios da necrópole tardorromana situada entre as rúas Pontevedra e Rosalía de Castro. A presenza deste tipo de adornos asóciase a tumbas femininas e considerábanse obxectos de status social moi demandados entre as clases dominantes xa desde a prehistoria.

Ungüentarios de produción oriental. ss. VI-VII d. C. (Expositor 25)

O descubrimento, durante a construción do túnel do Arenal de Vigo, dun pequeno unguentario de procedencia oriental fixo pensar que era un exemplar único en Galicia. Pero na actualidade,

sabemos que esta peza non é excepcional, senón que en diferentes xacementos de Vigo recuperáronse fragmentos de máis dunha decena destes recipientes. Aínda que se descoñece con certeza o seu contido, suponse que se tratarían de unguentos ou perfumes utilizados en actos litúrxicos. Entre outros aspectos destacan pola presenza de selos estampillados, os cales podería facer referencia aos nomes de altos funcionarios que verificarían o grao de pureza do contido.

Ánforas orientais tardoantigas. ss. V-VII d. C. (Expositor 26)

Este tipo de ánforas comezan a ser utilizadas como colectores para exportar produtos das provincias orientais a partir do s. IV. Esta tipoloxía, tremendamente común nos mercados vigueses da época, chegaba de sitios tan afastados como Chipre, Turquía, Exipto e transportaba maioritariamente viños dos grandes latifundios orientais de fama mundial naquel período.

Cerámica de produción oriental. ss. VI-VII d. C. (Expositor 27)

Xunto coas ánforas, tamén chegaron de oriente numerosas cerámicas comúns e de cociña orixinarias de zonas tan exóticas como Líbano-Palestina, Lymira (Sur de Turquía) ou Éfeso. Entre o repertorio exhumado as potas, tapadeiras e tixolas do Exeo son as máis abundantes. Son formas moi novas no Noroeste o que significa que con elas tamén viaxaban novas formas de cociñar e probablemente alimentos.

Cerámica común e lucernas de Antioquía (Siria). ss. VI-VII d. C. (Expositor 27)

Entre os contextos cerámicos tardoantigos documentados no xacemento da rúa Rosalía de Castro destaca unha serie de cerámicas comúns de pasta de cor beige e fragmentos de lucernas tipo "canto de río". Este repertorio cerámico probablemente provén da provincia de Hatay (Siria). Por agora non se coñecen paralelos para este conxunto en ningún xacemento coñecido polo que estas pezas poden considerarse un achado excepcional.

Ánforas de produción local: Tipo Vigo. ss VI-VII d.C. (Expositor 28)

Trátase dun tipo de ánfora descoñecida fóra de Vigo, aínda que probablemente a súa produción cingase á rexión das Rías Baixas. O seu contido descoñécese, aínda que o seu recubrimento interior con resina e as súas tapadeiras en cortiza convidan a pensar nalgún tipo de líquido como o viño.

Cerámica gris tardía bracarense de diferentes xacementos vigueses. ss. V-VII d. C. (Expositor 28)

Este tipo de recipientes cerámicos prodúcense en obradoiros da rexión de Braga. Trátase de cerámicas de uso doméstico, de preparación de alimentos ou de servizo de mesa.

Braza de Cruz de ouro e xema de vidro do Areal (Vigo). s. VII d. C. (Expositor 29)

Fragmento dunha pequena cruz feita en ouro con pedras engastadas en cabuxón. Este tipo de manifestacións artísticas son características da etapa xermánica. É un achado excepcional en canto á súa rareza no Noroeste peninsular. A súa tipoloxía está emparentada co exemplar do tesouro de Torredonjimeno (Xaén) ou Guarrazar (Toledo). A súa función, en relación con coroas votivas, sería a de servir de ofrendas dos grupos nobiliarios ás igrexas de importancia.

Glosario

Termos técnicos

ALUME: sulfato potasio, de cor branca que se atopa nas rochas. Antigamente utilizábase para o curtido de peles. Debido as súas propiedades cicatrizantes, tamén se administraba de diversos xeitos nun gran número de enfermidades.

ÁMBAR: resina fósil das coníferas, de cor amarela ou laranxa, translúcida, moi lixeira e dura, que arde con facilidade. O ámbar era visto como unha pedra preciosa e dada a súa beleza, na antigüidade, usábase como un talismán, remedio medicinal ou coma perfume.

ÁNFORA: recipiente de cerámica alto, estreito e de forma cilíndrica, con dúas asas, pescozo longo e base cónica, usada polos gregos e romanos para o transporte de alimentos. A súa presenza é constante nos xacementos arqueolóxicos de época clásica e aportan gran información histórica, xa que existen diferentes tipos con contidos, procedencias xeográficas e cronolóxicas diferenciadas.

ARQUEOLOXÍA: ciencia que estuda, describe e interpreta as civilizacións antigas a través dos monumentos, as obras de arte, os utensilios e os documentos que delas se conservaron ata a actualidade. Considerada inicialmente como unha das ciencias auxiliares da Historia, na actualidade é unha ciencia histórica autónoma.

ARYBALLOS: frasco de orixe grega, pero adoptado por outras culturas mediterráneas. Utilizábase para conservar o aceite perfumado destinado ao coidado do corpo e na hixiene persoal.

CAETRA: escudo circular característico da Idade do Ferro da península ibérica. Xunto cos escudos de coiro existían outros de madeira, decorados no exterior con grandes machóns de bronce. A superficie era normalmente plana e cuberta de coiro ou feltro ao exterior para protexer a madeira dos golpes que, noutro caso, a lascaría rapidamente.

CASITERITA: mineral que resulta da oxidación do estaño. Trátase dun mineral durísimo, pesado e fráxil, de cor amarelo ou pardo e brillo diamantino ou mate; cristaliza en forma de pirámides e prismas.

CASTRO: asentamento propio da Idade do Ferro (s. IX-I a.C.). Caracterízanse por atoparse en posición defensiva rodeado de muralla, foxos e demais estruturas similares. A arquitectura das súas estruturas amosa un continuado uso da pedra e as construcións de planta curva. Son propios do noroeste peninsular, se ben existen noutros puntos da península ibérica.

CECA: lugar onde se fabrica ou emite moeda.

CIPO OU BETILO: a palabra betilo provén do termo hebreo "*Beth-El*" que se pode traducir por "Morada de Deus" ou "Recordo de Deus", é unha palabra que denota unha pedra sagrada. Na antigüidade determinadas civilizacións, entre elas a púnica, erixían altares relixiosos con este tipo de elementos, os cales son moi habituais no Mediterráneo.

CONVENTUS: o termo "*conventus*" fai referencia a unha unidade de organización administrativa de tipo territorial da Roma imperial. A súa implantación desenvólvese dende a época de Augusto.

CRÁTERA: recipiente cerámico de orixe grega, pero adoptada por outras culturas mediterráneas. Aмоса normalmente unha gran capacidade destinada a conter unha mestura de auga e viño coa que se enchían as copas. Algunhas destas cráteras facíanse cun interese meramente decorativo, para adornar as estancias mais suntuosas.

CRISMÓN: símbolo relixioso cristián que contén dúas letras gregas X e P, que fan referencia as dúas primeiras do nome de Cristo en grego. Habitualmente aparece acompañado doutros elementos, como as letras α (alfa) e ω (omega), a primeira e a última do alfabeto grego, que representan a Cristo como principio e fin de todas as cousas.

DEFRUTUM: é un produto derivado da uva moi empregado na época do Imperio romano. Un dos principais usos do *defrutum* era o culinario e engadíase ás carnes ou peixes para a elaboración de diversas salsas. .

ESTELA: denominación que fai referencia a un monumento de carácter funerario, con inscricións, en forma de lápida, pedestal ou cipo. Adoitan erixirse sobre o chan e indicando o lugar do enterramento. Nelas inscribíanse textos, signos, símbolos e figuras, describindo o porque da súa situación, constituíndo importantes documentos para arqueólogos e historiadores.

FÍBULA: é un tipo de broche que se se empregaba para unir ou manter prendas sostidas ao corpo, especialmente capas. Normalmente, están feitas bronce, aínda que tamén podían realizarse en ouro e prata.

GARUM: salsa de peixe de orixe romana elaborada con vísceras de peixe fermentada, especias, aceite e vinagre. Esta prebe mesturábase con outros alimentos, tales como, sangue, pementa, aceite ou auga, e servía para condimentar outros pratos. Producíase en grandes cantidades en factorías especializadas para o seu comercio por todo o mundo romano.

KALATHOS: é un termo que designa a unha forma de cerámica ática (Grecia). Na cultura ibérica foi unha das tipoloxías máis emblemáticas e unha das mais empregadas para o almacenado de provisiones, así como tamén se utilizaron como envases para beber.

LUCERNA: lámpada de aceite de orixe romana. Componse dun depósito ovalado con orificios, un polo cal se introduce unha mecha e outro no que entra o aire para alimentar a lapa. O depósito enchíase de aceite para que empape a mecha e poida prenderse para proporcionar luz. Pode considerarse un dos produtos domésticos mais característicos da cultura romana. Adoitan estar decoradas con figuras votivas (animais, deuses...) e outro tipo de ornamentos e decoracións.

MACHADO DE TOPE: machado de bronce caracterizada pola presenza dun "tope" oposta á zona do gume da peza, que pode presentar un, dous ou ningún anel; con nervaduras nas mesmas ou lisas. Son característicos das etapa final da Idade do Bronce. Na actualidade existe un gran debate sobre a funcionalidade das mesmas, pois en diversas análises efectuadas, obsérvase que non só se compoñen de bronce (alíaxe de estaño e cobre) senón gran cantidade de chumbo, polo cal as fai moi fráxiles para ser utilizadas para cortar.

MORTEIRO: recipiente cerámico baixo e de paredes grosas que se empregaba para machucar e mesturar alimentos.

NECRÓPOLE: lugar onde se atopan enterrados deliberadamente restos humanos. Etimoloxicamente significa "cidade dos mortos", pois provén do grego: "necro", morto ou cadáver, e "polis", cidade.

PECIO: resto dun navío que naufraga por causa accidental ou deliberada.

BREA: Recubrimiento interior das ánforas composto de resina de conífera, obtida mediante a transpiración natural da árbore. Posteriormente, esta resina bruta é sometida a un proceso de quecemento obtendo así unha sustancia escura e untuosa, que podía ser utilizada na impregnación destes recipientes cerámicos.

SALAZÓNS: método destinado a preservar os alimentos, de forma que se atopen dispoñibles para o consumo durante un maior tempo. O efecto da salga é a deshidratación parcial dos alimentos e a inhibición dalgúns bacterias. Existe a posibilidade de salgar froitas e vexetais, aínda que o frecuente é aplicar o método en alimentos tales coma carnes ou peixes.

SALINA ROMANA: instalación romana adicada a obtención de sal mariña por evaporación da auga do mar. Esta auga canalizábase ata un tanques de grandes dimensións (decantadores) onde se deixaba un tempo para que as impurezas da auga caeran o fondo ou ben quedaran na superficie para poder ser retiradas. Posteriormente esta auga pasábase a outros tanques máis pequenos chamados evaporadores, onde se deixaba que o sol evaporase unha parte da auga e, polo tanto, auméntase o grao de concentración do sal. O derradeiro paso é o dos cristalizadores, tanques pequenos e de pouca capacidade onde a auga evaporaba completamente quedando o sal.

TERRA SIGILLATA: cerámica romana difundida na época do Imperio. Era de cor avermellado ou alaranxado, decorada en relevo e cun verniz brillante e fabricábanse en serie mediante moldes. Normalmente tende a dividirse en tres tipos de producións, por zonas de procedencia e claramente diferenciadas: terra sigillata itálica, gálica e hispánica. Un cuarto tipo poderían ser as producións denominadas terra sigillata africana, cunha cronoloxía posterior e imitando a estas producións anteriores.

UNGÜENTARIO: recipiente cerámico ou de vidro de forma de fuso e pescozo alongado. Son pezas características do mundo clásico greco-latino, que inicialmente servían para conter as lágrimas do familiares dos defuntos. Tamén se empregaban para transportar perfumes, gardar unguentos, pomadas, e incluso veneno. No caso de Vigo son moi coñecidos os unguentarios bizantinos, procedentes do oriente do Mediterráneo, pero cuxo contido poderían ser óleos santificados.

Termos históricos

GALLAECIA: foi o nome co que os romanos identificaron ao territorio situado no extremo noroccidental da península ibérica habitado polos galaicos (castrexos), ao oeste, e astures ao este. Anos despois da culminación da conquista romana, coa nova división administrativa de Diocleciano, estivo formada polos conventos *Lucensis*, *Bracarensis* e *Asturicensis*. Co tempo, no s. IV d. C., a *Gallaecia* chegou a incluír o antigo *Conventus Cluniacensis*, abarcando así todo o norte de Hispania.

IMPERIO BIZANTINO: o Imperio bizantino, tamén chamado Imperio romano de Oriente, orixinouse no ano 395 d. C. cando o emperador Teodosio dividiu o Imperio Romano en dous: Oriente e Occidente. A diferenza do Imperio romano de Occidente, destruído polos xermanos no ano 476 d. C., o Imperio bizantino logrou sobrevivir e perdurou por case dez séculos, ata o ano 1453 no que os Turcos otománs ocuparon a súa capital, Constantinopla. Os bizantinos lograron fusionar a cultura dos gregos e romanos, os elementos relixiosos de cristiáns e pagáns e as costumes occidentais e orientais. Desta maneira conservaron os aportes culturais da antigüidade e os reelaboraron baixo novas formas. Aínda que falaban grego, os bizantinos chamábanse así mesmos romanos, pois considerábanse herdeiros deste antigo Imperio. Por iso a Constantinopla coñecíase tamén como a nova Roma.

IMPERIO ROMANO: o Imperio romano é a denominación que fai referencia a terceira fase política do mundo romano clásico, posterior á República romana e caracterizada por unha forma de goberno autoritaria. Os dominios do Imperio romano chegaron a abarcar dende o océano Atlántico ao oeste, ate as beiras do mar Caspio, o mar Vermello e o golfo Pérsico ao este, e dende o deserto do Sáhara ao sur ata a beira dos ríos Rin e Danubio e a fronteira con Caledonia ao norte. No 476 o “bárbaro” da tribo hérula Odoacro depuxo ao último emperador de Occidente, Rómulo Augústulo. O Imperio oriental (bizantino) proseguiría case un milenio en pé, ata que en 1453 Constantinopla caeu baixo o poder otomano. Co colapso do Imperio romano de Occidente finaliza oficialmente a Idade Antiga dando inicio a Idade Media.

MICÉNICO: os pobos indoeuropeos que chegaron á Península grega desenvolveron unha elaborada cultura, coñecéndose co nome de civilización Micénica (1600 ao 1200 a. C.). Os micénicos representan a primeira civilización grega e o seu dominio estendeuse polo Mediterráneo, gracias ao baleiro de poder que deixou o declive da civilización cretense.

PÚNICOS: foron unha civilización da Antigüidade clásica que englobaba a cidade de Cartago e os seus territorios dependentes. O seu idioma (púnico), cultura e relixión proveñen dos fenicios. A cidade de Cartago, inicialmente unha colonia fenicia, tras a decadencia da súa metrópole (Tiro), desenvolveu unha alianza ou liga con outras cidades púnicas do Mediterráneo occidental baseada na hexemonía de Cartago. A finais do s. III a. C. entrou en contacto coa outra gran república do seu tempo, Roma, a cal estaba inmersa nun gran proxecto de crecemento territorial. As aspiracións opostas de ambas repúblicas provocaron unha gran rivalidade entre ambos pobos, materializado nas tres guerras púnicas. Cartago sempre resultou derrotada e os enfrontamentos non cesaron ata o desmantelamento da República de Cartago e a destrución da súa capital no 146 a. C.

REPÚBLICA ROMANA: denomínase así ao segundo período da historia romana, o cal se inicia desde a expulsión de Tarquino “O Soberbio”, do 509 a. C. ata o ano 29 a. C. no que Octavio se fixo emperador, co nome de Augusto. Nesta etapa Roma convértese na primeira potencia do Mundo Antigo, con numerosas colonias en Europa, Asia e África, gracias a súa política expansionista e ao feito de contar cun poderoso exército, disciplinado e moi ben organizado. Tamén corresponde a este período o fortalecemento das súas institucións políticas e a difusión da cultura Helénica.

Ao carón destes logros positivos, xurdiron problemas sociais profundos, coma a loita entre ricos e pobres (patricios e plebe).

VICUS: na Antiga Roma, un *vicus* (plural *vici*) era un barrio ou pequena aglomeración urbana. Estas divisións administrativas constatáronse aínda en vigor ao menos ata mediados do s. IV d. C. A palabra latina *vicus* tamén se aplicábaá unidade administrativa mais pequena dunha cidade provincial no Imperio romano, que xorde preto a un lugar romano oficial, como podía ser unha guarnición militar ou unha zona mineira en operación.

Termos xeográficos

ANTIOQUÍA: situada na marxe oriental do río Orontes, fundouse a finais do s. IV a. C. por Seleuco I Nicátor como capital do seu imperio en Siria.

AQUITANIA: rexión suroccidental de Francia formada polos departamentos de Dordoña, Gironda, Landas, Lot e Garona e Pirineos Atlánticos. A súa capital era Burdeos e desapareceu como unidade administrativa en 2015.

CILICIA: nome antigo da entidade política romana que se lle daba á zona costeira meridional da península de Anatolia, que agora se coñece como Çukurova. A súa extensión comprendía arredor dun terzo da superficie actual de Anatolia.

FOCEA: cidade grega da actual Turquía, onde hoxe atópase a cidade de Foça ou Eskifoça no golfo de Esmirna. Fundada no s. VIII a. C., foi un importante porto comercial e mantivo tratos con todo o Mediterráneo occidental.

GAZA: é a principal cidade da Franxa de Gaza, dentro do estado Palestino e desgaxada militarmente dos territorios de Cisjordania polo estado de Israel. Historicamente foi unha zona de fondas disputas territoriais, especialmente agravadas tras a creación do estado de Israel ao fin da II Guerra Mundial.

LIMYRA: pequena cidade en Licia, na costa sur de Asia Menor, preto do río *Limyrus*. Converteuse nun dos mellores establecementos comerciais en Grecia. A cidade quedou baixo o control do Imperio persa despois de que fora conquistada por Ciro "O Grande". Permanecería baixo control persa ata o final dos seus días, cando foi conquistada por Alexandro Magno no s. IV a. C.

Principais xacementos vigueses

Castro da Illa de Toralla. Atópase practicamente destruído, se ben foi un interesantísimo castro costeiro da ría de Vigo. Coñecido desde 1913, foi parcialmente estudado en dúas ocasións: en 1970 e 1990. A súa relevanciaponse de manifesto na calidade das súas ruínas e dos restos arqueolóxicos recuperados: fíbulas, colgantes, cerámicas tanto indíxenas (“olas tipo Toralla”) como cacharros importados do mediterráneo. A fundación deste castro dátase cara o s. V a. C. Abandónase coa consolidación do poder romano na zona, fai uns dous mil anos.

Castro da Punta do Muíño de Vento (Alcabre). Situado no interior das instalacións do Museo do Mar de Galicia polo oeste, e ao longo dos cortes da franxa costeira da praia de Santa Baia e Carril polo leste, ata enlazar co xacemento do Fiunchal. O castro da Punta do Muíño configúrase como un asentamento costeiro emprazado sobre unha península ibérica. Comeza a súa existencia no s. VIII a. C. sobre unha duna preexistente. En torno ao s. IV a. C. iníciase a fase media, rexistrándose no xacemento dous fenómenos importantes: o uso da pedra nas vivendas e a presenza entre os materiais de cerámica ibero-púnica. A vida neste asentamento cesará nun intre indeterminado do s. II a. C.

Castro de Vigo. O xacemento atópase en pleno centro da cidade. Nas escavacións arqueolóxicas localizáronse diferentes construcións castrexas, unhas de muros curvos, outras de paredes rectas e outras combinando ambas. Cos datos achegados nas escavacións arqueolóxicas realizadas, podemos afirmar que a zona estudada no castro de Vigo, foi ocupada inicialmente cara a principios do s. II a. C. e abandonada cara ao s. III d. C.

Xacemento romano de Rosalía de Castro-Areal. Este xacemento mostra diferentes tipos de ocupacións de época romana. As primeiras mostras de ocupación trátanse dunha potente capa de area aporta restos de ánforas; trataríase dunha antiga praia a modo dun amplo fondeadoiro. Os materiais cerámicos localizados indicarían dous intres de ocupación: un cara aos s. II-I a. C, e outro, propio do s. I d. C. Sobre estes niveis implantaríanse unhas **salinas de evaporación**. Estas consisten nunha serie de tanques de decantación, de forma rectangular e de diferente tamaño, cunha superficie ben alisada e preparada, e delimitados por pequenos muros de pedras fincadas. As dimensións destas instalacións, segundo algúns autores, poderían ocupar uns 70.000 m². Esta extensión, unicamente se podería explicar no contexto dunha explotación industrial destinada a abastecer de sal ás factorías de salgadura.

O momento de abandono da explotación das salinas ven marcado pola instalación dunha **necrópole** de amplo desenvolvemento cronolóxico datada entre os s. III-VI d. C. Adxacente o anterior temos os restos dunha factoría de salga escavados na rúa Marqués de Valladares. No seu interior aparecen 5 pilas de salgadura de gran capacidade, recubertas de *opus signinum* e dispostas en forma de L articuladas a un patio interior. Ao sur da factoría aparecen outras estruturas, como varios elementos de captación e canalización de auga, así como unha mina. A cronoloxía deste complexo, leva a situala cara os s. I-II d. C, sincrónicas co período de actividade das salinas

Villa romana de Toralla. Este xacemento atópase sobre un pequeno cabo, ao pé do cal desembocan dúas regueiras, entre elas a do Vao. En época romana, e favorecidos por un nivel do mar máis alto, neste zona formábase unha pequena marisma, circunstancia que de seguro propiciou o emprazamento da villa. Esta villa coñecese dende os comezos do s. XX, e xa na década dos anos 20, Tomás Mirambell, desenvolve as primeiras escavacións no lugar, descubriendo tanto estruturas como abundantes restos de cerámica, moedas, etc...

Con todo, a investigación arqueolóxica regulada comeza nos primeiros anos da década do 90, baixo a dirección dos arqueólogos J. M. Hidalgo Cuñarro e P. Soto Arias, desenvolvéndose entre os anos 1992 a 1994 as primeiras escavacións sistemáticas, que puxeron de manifesto a existencia de 3 edificios diferentes, identificados xa nese intre como restos dunha villa rústica.

Teríase que esperar algúns anos máis para que entre o ano 2002 e 2007, a Universidade de Vigo, mediante un convenio co Concello, desenvolvera novas escavacións e traballos de musealización, o que conduciría a súa apertura ao público no ano 2008.

Recentemente, cos traballos de construción do novo centro de interpretación, a arqueóloga R. Pereira Muñoz, identifica novos restos construtivos, integrados no interior do centro, que falan da existencia de máis edificacións desta villa, ata o momento descoñecidas.

Dende o punto de vista cronolóxico esta villa estivo en funcionamento dende mediados do s. IV d. C. ata mediados do S. V d. C., aproximadamente uns cen anos durante a etapa final do Imperio romano. Na actualidade coñécense, cando menos, catro edificios diferentes (entre o edificio principal e edificios auxiliares) e unha salina de evaporación.



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Verbum Casa das Palabras



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

**CONCELLO
DE VIGO**

